



ORDENANZA NÚM: 1

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO.

1. **O Imposto sobre Bens Inmobles** é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitos no termo municipal de Soutomaior, establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.

2. De conformidade cos artigos 60.1.a), 15.2 e 16.2 da citada Lei 39/1988 o Concello de Soutomaior acorda a imposición e ordenación deste tributo segundo o disposto nos artigos 61 a 78 da mesma Lei, a Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, as normas que contén a presente Ordenanza, e restante normativa de aplicación

Artigo 2.- EXENCÍONS.

Ademais das exencións previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 63 da Lei 39/1.988, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, estarán exentos os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a tres euros, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a 6 euros.

Artigo 3.- TIPO DE GRAVAME.

A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable, dos tipos de gravame seguintes:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana, o 0,54%.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica, o 0,30%.
- c) Para os bens inmobles de características especiais, o 1,3%.

Artigo 4.- BONIFICACÍONS.

Ademais da bonificación establecida no apartado 3 do artigo 74 da Lei 39/1988, de aplicación obrigatoria, establécense e regúlanse as seguintes:

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, sempre que así o solicite o interesado antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Artigo 5. - NORMAS DE XESTIÓN.

As competencias de xestión, liquidación e recadación, así como as de revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán exercidas polo Organismo autónomo



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), nos termos establecidos no vixente Acordo de Delegación aprobado polo Pleno da Corporación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1.- No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario, e demais lexislación tributaria aplicable.

2.- A presente Ordenanza fiscal foi aprobada definitivamente na sesión de 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2004 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobación definitiva da ordenanza: 30 de Outubro de 2003

PUBLICACIÓN no B.O.P. : Núm. 216 do 7 de Novembro de 2003

Modificación da ordenanza (artigo 3 punto a) : 13 de Novembro de 2015

PUBLICACIÓN no B.O.P: Núm. 249 do 29 de Decembro de 2015